

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E LABORATORIOS NOVO NORDISK PHARMA, S.A. PARA A ACTUALIZACIÓN DO PROCESO ASISTENCIAL INTEGRADO DIABETES MELLITUS TIPO 2

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 21 de xullo de 2022 co laboratorio Novo Nordisk Pharma SA o instrumento convencional arriba referido, que terá unha vixencia dun ano a partir do día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse, por acordo das partes, por un período dun ano adicional.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto materializar a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Laboratorio Novo Nordisk Pharma, S.A co obxectivo de proceder ao desenvolvemento da actualización do "Proceso asistencial integrado diabetes mellitus tipo 2.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que ámbalas dúas partes o consideran de particular importancia e de interese público. Así, as partes plasmaron o seu compromiso de colaboración, sen prexuízo do seu desenvolvemento ulterior, na promoción da calidade asistencial, a mellora dos resultados en saúde e o acceso á innovación en diabete, mediante a formalización dun convenio marco de acordo (Convenio marco de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Laboratorios Novo Nordisk Pharma, S.A. para a promoción da calidade asistencial, a mellora dos resultados en saúde e o acceso á innovación das persoas con diabetes) o día 4 de agosto de 2021. Este convenio marco recolle na súa cláusula terceira, que para a materialización dos proxectos en desenvolvemento deberán asinarse acordos ou convenios específicos de colaboración.

Na actualidade resulta prioritario para o Servizo Galego de Saúde actualizar o seu "Proceso asistencial diabetes mellitus tipo 2", cuxa última actualización se realizou no ano 2015, co obxectivo de orientar as actuacións dos/das profesionais no diagnóstico e seguimento do/da paciente con diabetes mellitus tipo 2 e así reducir a morbi-mortalidade asociada, a través da diminución da variabilidade asistencial e baixo criterios de calidade e eficiencia.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional pretendido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

